



Guía Didáctica LEOCOM

Leo e comprendo

Verónica Blanco Quintás e M^a Luisa Lodeiro Matalobos

Proxecto creado durante unha **licenza por Formación** de **Modalidade 2** da Consellaría de Educación,

Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e baixo licenza



Índice

- I. Título e xustificación: páxina 2
- II. Materia, curso ao que se dirixe e temporalización do proxecto na aula : páxina 3
- III. Descrición do proxecto: páxina 3 e 4
- IV. Obxectivos: páxinas 4 e 5
 - 1) Obxectivos Xerais de Educación Primaria presentes no proxecto
 - 2) Obxectivos Xerais do proxecto
 - 3) Obxectivos específicos do proxecto
- V. Criterios de avaliación: páxina 6
- VI. Estándares de aprendizaxe: páxinas 6 a 8
- VII. Contidos: páxina 8 e 9
- VIII. Competencias clave: páxinas 9 a 11
- IX. Metodoloxía: páxina 11 e 12
- X. Atención á diversidade e á convivencia : páxinas 13 a 16
- XI. Avaliación : páxinas 16-18
- XII. Do alumnado
 - 1) Do proceso de ensino aprendizaxe
 - 2) Do proxecto
- XII. Ferramenta empregada : páxinas 18
- XIII. Anexos : páxinas 19 a 32

I. Título e xustificación: LEOCOM (Leo e comprendo)

Un dos problemas, e seguramente, o maior co que nos enfrontamos os mestres e mestras no noso día a día , son as dificultades que o noso alumnado amosa ante a comprensión de textos. Cando falamos de comprensión, referímonos tanto á lectura propiamente dita, como á falta de interacción cos escritos.

Asemade, é ben sabido, que a maior fonte de información a día de hoxe, internet, accédese a través dunha lectura individual polo que se precisa das competencias lingüística e dixital.

A competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar, comunicar información, e para transformar esta en coñecemento. Así mesmo, incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información dispoñible,contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Dise que a mocidade sabe moito das TIC, pero sobre todo sabe como usalas para intereses persoais como son os videoxogos, buscar música e películas, navegar polas redes sociais... Porén o uso crítico e intelixente de internet, a correcta utilización de programas e aplicacións adquirese a base de moito tempo de práctica .

A persoa ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos A adquisición do anterior, require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente ao redor delas. Trátase de desenvolver unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos, valorando as súas fortalezas e debilidades e respectando principios éticos no seu uso.

Debido a todo o mencionado , propoñemos este proxecto para crear un material dixital que compense e mellore esta problemática a través da práctica das actividades en formato informático. Deste xeito, desenvolveremos tanto a competencia lingüística como a dixital, aprendizaxes imprescindibles que os estudantes deben acadar ao terminar a escolarización obrigatoria.

II. Materias, curso ao que se dirixe e temporalización:

Este proxecto está dirixido ao 5º nivel de Educación Primaria para as materias de Lingua e Literatura Galega.

As actividades están deseñadas de xeito que hai unha progresión na dificultade das mesmas ao longo dos 12 paquetes. A temporalización que se propón é a que segue:

Os tres primeiros paquetes poden desenvolverse no primeiro trimestre do curso, os tres seguintes no segundo e os tres restantes no derradeiro do nivel. Para facelo, empregaremos unha sesión semanal das que a materia de Lingua Galega ten asignada nese nivel.

III. Descrición do proxecto:

O proxecto está formado por material dixital que está dispoñible nun curso en Moodle (ferramenta libre de xestión de aprendizaxe). Este curso poderá ser instalado nas aulas virtuais dos centros educativos que o requiran.

O noso proxecto estará composto por 12 paquetes de actividades feitas con programa EDILIM. Cada paquete parte dun texto motivador, de actividades previas á lectura, actividades para facer durante a lectura e outras tantas para despois de ler.

Ademais dos 12 ODES (Obxecto Dixital Educativo), contamos cunha sala de charla electrónica (“chat”) para resolver dúbidas (comunicación co mestre ou mestra) e un foro para a comunicación entre todo o alumnado no que poden compartir logros e dificultades. Cada alumno deberá identificarse para realizar as actividades e así poderase ter un seguimento individualizado da súa evolución ao longo do curso.

As tarefas de cada paquete serán organizadas en tres fases:

De iniciación e motivación, onde se presentarán modelos de calidade do texto que se poden abordar coa lectura por parte da persoa docente ou de calquera outra persoa lectora competente (alumnado doutros niveis, profesorado, familias...). Nesta fase será importante a recompilación de información e debate aberto sobre o tema a tratar. A finalidade destas tarefas será a activación dos coñecementos

previos de cada alumno ou alumna. As actividades serán do tipo de debate, torbellino de ideas, lectura sobre o tema a tratar...

De desenvolvemento, onde se realizarán as actividades que nos permitan tratar os contidos propostos e acadar os obxectivos de cada ODE. Serán de reflexión, comprensión, adquisición de vocabulario e léxico... Faremos preguntas con varias respostas, outras de verdadeiro falso, encrucillados, sopas de letras, exercicios de composición, xogos de memoria, completar oracións ou palabras, xogos de atención...

Finais, pediremos a edición dun produto de uso social que se compartirá coa comunidade educativa: contos individuais, libros de aula colectivos,, exposicións, debates, entrevistas, decálogos, ...

Case todas elas contarán con retroalimentación inmediata sobre a súa avaliación.

IV. Obxectivos:

Obxectivos Xerais da etapa de educación Primaria presentes no proxecto

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non -discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

d) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Obxectivos Xerais do proxecto

1. Mellorar a competencia lingüística e a dixital
2. Afianzar a comprensión lectora de cada neno e nena .
3. Concienciar da importancia dunha boa comprensión lectora.
4. Descubrir na lectura a maior fonte de información do mundo que arrodea ao neno e nena.
5. Formar lectores que sexan quen de desenvolverse dun xeito autónomo e crítico no ámbito escolar.
6. Espertar e aumentar o interese e goce do noso alumnado pola lectura a partir de temas novos e suxerentes para eles e elas.
7. Desenvolver o sentido crítico do alumnado.

Obxectivos Específicos do proxecto

1. Mellorar as capacidades de atención e concentración a través das diferentes actividades relacionadas coa exactitude e velocidade lectora.
2. Ler de xeito fluído.
3. Ler selectivamente, buscando datos nun texto.
4. Responder preguntas dadas, buscando as resposta no texto.
5. Responder preguntas dadas ,facendo pequenas inferencias dun texto.
6. Buscar a idea principal dun texto e as ideas secundarias.
7. Ampliar o seu vocabulario.

V. Criterios de Avaliación

B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.

B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe

B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.

B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.

B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións.

B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.

B2.4. Utilizar estratexias para mellorar a lectura

B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.

B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura

B2.10. Aposar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.

VI. Estándares de Aprendizaxe:

LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.

LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.

LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.

LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.

LGB2.10.1. Aмоса interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.

LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).

LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.

LGB2.1.4. Interpreta metáforas, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.

LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión.

LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia entre información, opinión e publicidade.

LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.

LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.

LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.

LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto.

LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.

LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto.

LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.

LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.

LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.

LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.

LGB2.10.1. Aмоса interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.

LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.

LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

VII. Contidos Curriculares:

LGB2.10.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.

B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).

B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións

B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía) e ilustración creativa dos propios textos

LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.

LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

VIII. Competencias Clave:

As competencias básicas fan referencia á capacidade de poñer en práctica de forma integrada o conxunto de coñecementos, actitudes e habilidades adquiridos durante o proceso de aprendizaxe.

En España, aparecen por primeira vez mencionadas na Lei Orgánica de Calidade da Educación (LOCE, 2002). Porén, a súa aplicación non xorde ata a Lei Orgánica de Educación de maio de 2006, e son concretadas en Galicia no currículo que establece a ordenación da educación primaria, aprobado polo Parlamento de Galicia o 28 de xuño de 2007. Tales competencias son modificadas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que se concretan no Real Decreto 126/2014. Estas competencias son a concreción das competencias xerais ditadas pola Unión Europea como obxectivo para que toda a súa cidadanía teña unha serie de habilidades no futuro.

As competencias clave que máis se desenvolverán no noso proxecto serán as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Loxicamente, ao se tratar dun proxecto inspirado na lectura a competencia que máis se desenvolverá será esta.

É o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Precisa da interacción de distintas destrezas, xa que se produce en múltiples modalidades de comunicación e en diferentes soportes. Desde a oralidade e a escritura ata as formas máis sofisticadas de comunicación audiovisual ou mediada pola tecnoloxía, o individuo participa dun complexo armazón de posibilidades comunicativas grazas ás cales expande a súa competencia e a súa capacidade de interacción con outros individuos. Será o instrumento fundamental para a socialización e o aproveitamento da experiencia educativa, por ser unha vía privilexiada de acceso ao coñecemento dentro e fóra da escola.

Competencia Dixital (CD)

Igualmente ao tratarse dun proxecto no que as actividades están en formato dixital, veremos como esta competencia adquire gran protagonismo.

Esta é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade. Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual,

numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto leva o coñecemento das principais aplicacións informáticas.

Competencia para aprender a aprender (CPAA)

Presente en todo o proxecto xa que é unha das finalidades do mesmo. Trátase dunha competencia fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Supón a habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. En canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia para aprender a aprender (CPAA) require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e as demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónomo.

Conciencia e expresións culturais (CEC)

Esta competencia traballárase sobre todo a través dos temas que se escollan para cada texto. Trataranse temas que amplíen o coñecemento do mundo do alumnado. O traballo destes textos implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas, conlevan a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais. Tratarémos de que os temas escollidos para os nosos textos sexan vertebradores do resto de actividades .

Implica coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas, así como as súas tensións e procesos de cambio.

A mesma importancia ten coñecer os conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, a igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, a sociedade e a cultura.

Adquirir estas competencias supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

Conciencia e expresións culturais(CEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Tentaremos que se desenvolva a través das diferentes actividades do noso proxecto.

VIII. Metodoloxía:

Consideraremos as seguintes orientación metodolóxicas:

- **Tratamento interdisciplinar dos contidos**, de maneira que as actividades realizadas polo alumnado suporán unha interrelación entre as distintas materias (aínda que a materia da que se parte é lingua literatura galega tamén estará conectado con Ciencias sociais, Naturais, etc)
- **Seleccionaranse e secuenciaranse os contidos**, de maneira que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas. Así mesmo haberá unha progresión entre as tarefas, actividades e exercicios.
- **A mestra ou mestre actuará como guía e mediador** para facilitar aprendizaxes significativas ao alumnado en todo o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Fronte ás diferenzas entre o alumnado haberá que **facilitar a autonomía na aprendizaxes** dándolle ao alumno os medios para que poida resolver con éxito os problemas que xorden no emprego do material que presentaremos.
- A motivación dos alumnos no proceso ensino-aprendizaxe farase **partindo de situacións que provoquen o seu interese e manteñan a súa atención**. partindo de situacións que provoquen o seu interese e manteñan a súa atención. Debemos propiciar unha aprendizaxe significativa que teña presentes os coñecementos previos (de aí que propoñamos sempre actividades anteriores a cada lectura cuxa finalidade é a activación dos coñecementos previos do alumnado sobre o tema que se vai tratar), que aproveite a expresión e a comunicación espontáneas e que se vincule á experiencia do alumnado.
- **Buscaranse aprendizaxes funcionais, asegurando a súa utilización por parte do alumno** cando o necesite, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novas aprendizaxes.A selección de textos será, polo tanto,

moi coidada e máis se temos presente como o texto pode transmitir unha tradición cultural, abrir novos horizontes, presentar realidades que o alumnado debe xulgar criticamente, ser fonte de diversión e xogo, etc. Neste senso, o tema escollido para o exemplo trata a posibilidade de navegación no océano Ártico.

- Sempre que as actividades o permitan favorecerase a **aprendizaxe en grupo ou en parellas** para impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, coordinación de intereses, tomas de decisións colectivas, axuda mutua e superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando con iso toda forma de discriminación.

- **O ensino será activo** os alumnos realizarán unha aprendizaxe autónoma e establecerán estratexias que lle leven a unha actividade cognitiva.. O coñecemento non é un proceso de recepción pasiva de información, senón que o suxeito trata de dar sentido á información en función do seu marco de referencia, xa sexan esquemas, estrutura cognitiva ou construtos persoais.

- Terase en conta **a diversidade do alumnado** atendendo ás peculiaridades de cada grupo, ás características de nenos ou nenas de variada procedencia e capacidade, de distinto ritmo de aprendizaxe, etc. (este aspecto está máis desenvolvido no apartado de atención á diversidade)

- Adecuarase a **utilización de diferentes recursos** aos obxectivos que se perseguen e seleccionaranse con rigor.

- **A avaliación servirá como punto de referencia** para a actuación pedagóxica co fin de adecuar o proceso de ensino ao progreso real dos alumnos. Esta farase a partir dos criterios de avaliación e atendendo a avaliación do alumnado, do proceso de ensino aprendizaxe e ao propio proxecto(este aspecto está máis explicado no apartado avaliación).

IX. Atención á diversidade e a convivencia:

A diversidade (D 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade) é unha realidade social, e polo tanto unha realidade en cada centro educativo, realidade derivada da singularidade de cada familia e de cada un dos profesores e profesoras e tamén das particularidades de cada centro. A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada un dos alumnos/as , nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa para convivir e participar de forma autónoma nunha sociedade democrática.

Concíbese a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais de todo o alumnado.

O presente proxecto rexerese polos seguintes principios xerais de atención á diversidade:

Normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, flexibilidade e accesibilidade.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación poden ser un elemento decisivo para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade, nalgúns casos, unha das poucas opcións para poder acceder ao currículo escolar, posibilitar a comunicación, ou facilitar a súa integración social e laboral. O uso das TIC está cada vez máis xeneralizado no ámbito educativo, familiar e social, o que ofrece oportunidades para que as persoas con discapacidade estean en contacto con elas, coñezanas e utilícenas.

As TIC demostraron ter un gran potencial para a aprendizaxe e a inclusión social das persoas con discapacidade, sobre todo si temos en conta algunhas características psicolóxicas e de aprendizaxe propias das persoas con discapacidade intelectual. Xa que o bo uso das TIC axuda a aumentar a capacidade de almacenamento e de procesamento da información, melloran a memoria semántica, relacionada co significado das palabras e o coñecemento, centran a atención, posibilitan unha mellor comprensión do abstracto, melloran a xeneralización e o mantemento da aprendizaxe, reforzan a visión e a audición, así como a coordinación viso -motriz, corrixen trastornos importantes da linguaxe, fomentan a iniciativa para comezar actividades e a constancia para realizar tarefas menos motivadoras, favorecen a reflexión, optimizan a organización temporal. E ao mesmo tempo potencian a adquisición de aprendizaxes como a memoria visual, facilitando unha aprendizaxe máis rápida co apoio de imaxes, melloran a adquisición de coñecementos a través de varias canles sensoriais-multicanal, motivan a aprendizaxe a través de actividades educativas, lúdicas e de resposta inmediata, aumentan a súa atención e o seu tempo de permanencia nas actividades educativas, a práctica repetitiva é máis gratificante a través das novas tecnoloxías e tras un apoio gradual, adquiren a autonomía necesaria para a súa aprendizaxe.

Polo tanto a intervención educativa deberá posibilitar o apoio e os recursos que faciliten o acceso e/ou adaptacións para lograr os obxectivos do currículo na medida en que estes sexan necesarios. A importancia da utilización das TIC ten que ver con situar estas tecnoloxías como instrumento pedagóxico, rehabilitador e equiparador de oportunidades, deste xeito é posible contrarrestar algunha das dificultades derivadas dunha discapacidade.

Para que a atención á diversidade estea adecuada a realidade educativa será fundamental facer unha avaliación inicial do grupo na que se teña en conta os seguintes aspectos que recolleremos neste cadro:

N.º de alumnos	
Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...)	
Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares ?	
Que necesidades identificas e como as vas abordar? (Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...).	
Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?	
Que necesidades encontras e como as vas a abordar? (Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...).	

Así mesmo faremos unha análise individual de cada alumno e alumna para coñecer as súas necesidades:

<p>Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (Ter en conta alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outros con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).</p>	
---	--

Que medidas organizativas vas adoptar? (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual...).	
Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?	
Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?	
Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?	

A continuación daremos unhas indicacións xerais para adaptar o currículo as diferentes dificultades que máis se manifestan nas nosas aulas:

Alumnado con dificultades na súa aprendizaxe: o mestre ou mestra deberá estar pendiente en todo momento de se este alumnado é quen de seguir as actividades ou se debe facer adaptacións nelas . O apoio entre iguais tamén se considera unha axuda imprescindible.

Alumnado con problemas de conduta: este tipo de alumnado pode presentar retraso escolar, dada a súa escasa motivación pola aprendizaxe. Nestes casos é conveniente avaliar a necesidade de tomar medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular, segundo o seu nivel de competencia curricular. En todo caso teremos que ir adaptando a tarefa escolar ás súas características persoais.

Alumnado con TDAH: teremos que dividir as tarefas en subtarefas sinxelas e curtas, proporcionándolle descansos periódicos e darlle apoio e reforzo cando pasen dunha tarefa a outra, coa finalidade de ir prolongando o tempo de atención a unha actividade. Trataremos de alternar actividades de lectura propiamente dita con outras máis prácticas. Non hai por que seguir a orde establecida nos paquetes EDILIM. Asemade, antes de comezar cada actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu.

Alumnado con necesidades educativas asociadas a un déficit sensorial: dado o carácter concreto das mesmas haberá que coordinarse co profesorado de AL e PT para

adaptar o material elaborado ás súas necesidades individuais. De todos xeitos, algunhas das actividades xa contan cun arquivo audio (a lectura e algunhas actividades) o que facilitarían o acceso ao alumnado con dificultades de visión. Estas mesmas poderían ser ampliadas.

X. Avaliación:

A avaliación será:

Individualizada, centrándose na evolución do alumnado e na súa situación inicial e particularidades, polo que faremos unha avaliación inicial do grupo e de cada un dos alumnos e alumnas.

Integradora, para o que se contempla a existencia de diferentes grupos e contextos, e a flexibilidade na aplicación dos estándares e indicadores de avaliación seleccionados.

Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumnado, non só os de carácter cognitivo.

Orientadora, dado que achega ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

A avaliación será continua e global, contemplando tres fases:

1. Avaliación inicial. Levarase a cabo no inicio do proceso de implementación. Isto permitiranos obter datos sobre o punto de partida do alumnado, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas individuais e condicionan o punto de partida. (aspecto desenvolvido no apartado de atención á diversidade).

2. Avaliación formativa. Levarase a cabo ao longo de todo o proceso. Esta avaliación condicionará as diferentes actividades dependendo do ritmo de traballo e execución do alumnado. Concédese importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión especial das dificultades e progresos.

3. Avaliación sumativa. Realizarase ao final do proceso, establecendo os resultados ao termo do mesmo.

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións a valorar: análise do proceso de aprendizaxe do alumnado; análise do proceso de ensino e da práctica docente e reflexión sobre o deseño do propio recurso educativo

Por un lado, estaría a autoavaliación que cada alumno fai do seu propio traballo a través dos diferentes paquetes de actividades. Dado que a ferramenta que se empregará (EDILIM) permítenos individualizar o traballo feito por cada rapaz e rapaza.

Asemade, teremos constancia do número exacto das repostas axeitadas, no caso das preguntas con respostas pechadas. En caso de estar interesados no resultado exacto dalgunha actividade concreta, tamén se podería estudar a través da mesma ferramenta. Esta versatilidade será unha vantaxe á hora de implementar o proxecto nas aulas.

E por outra banda, estaría a avaliación que o mestre ou mestra fai sobre o alumnado:

Os instrumentos que se empregarán para realizar esta avaliación serán de diferente índole segundo o tipo de avaliación que se desenvolva en cada momento:

Ferramentas de observación sistemática:

Escala de observación: Mediante a observación do traballo diario realizado. Observación directa do proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno. Observarase o traballo do alumno individualmente e en grupo, en diferentes situacións comprobando a súa participación, atención, implicación, etc.

Rexistro anecdótico persoal: Sobre aspectos destacados durante o proceso de ensino-aprendizaxe, tanto no relativo a contidos como a actitude e comportamento.

Análise das producións do alumnado:

Traballos de aplicación e síntese: Textos escritos, producións orais...

Intercambios orais co alumnado :Diálogo, postas en común, asembleas, exposicións orais...

Revisión das tarefas do alumnado a través de moodle.

Asemade, empregaranse as rúbricas de avaliación (anexos)para avaliar os seguintes aspectos

1. Rúbrica dun debate escolar

2. Rexistro de avaliación de cargos asignados e obxectivos de grupo cooperativo
3. Gráfica de autoavaliación no seguimento de destrezas grupais.
4. Rúbrica para a avaliación da exposición de traballos.
5. Diario reflexivo no desenvolvemento da metaaprendizaxe.
6. Rúbrica da expresión escrita.

XI. Ferramenta empregada:

Empregaremos a seguinte ferramenta de uso libre:

EDILIM

Programa informático de software libre que permite a súa visualización nas últimas versións dos navegadores máis comúns, sen necesidade de instalar ningún complemento específico ou navegador , agás Flash e Java.

O sistema Lim é unha contorna para a creación de materiais educativos, formado por un editor de actividades (EdiLim), un visualizador (LIM) e un arquivo en formato XML (libro) que define as propiedades do libro e as páxinas que o compoñen.

É unha sinxela aplicación coa que se pode preparar calquera libro educativo para a súa distribución ou publicación en Internet.

Componse de arquivos que se denominan libros, e de actividades que se denominan páxinas. As páxinas poden ser interactivas (sopas de letras, crebacabezas, preguntas, etc.) ou descritivas (mostran información).

Preséntase como un programa executable de pequeno tamaño que non precisa instalación.

As súas vantaxes desde un punto de vista educativo son :

1. Entorno agradable .
2. Facilitade de uso para o alumnado e o profesorado.
3. Actividades atractivas .
4. Posibilidade de control de progresos.
5. Avaliación dos exercicios.
6. Non hai que preparar os dispositivos, non utiliza complementos.
7. Posibilidade de utilización cunha ampla variedade de dispositivos.
8. Preparación de actividades de forma sinxela.

XII. ANEXOS:

1. Rúbrica para a avaliación da exposición de traballos.
2. Rúbrica dunha entrevista.
3. Rúbrica dun resumo.
4. Rúbrica dun debate escolar.
5. Rúbrica da expresión escrita.

ANEXO I:

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN DE TRABALLOS

ASPECTOS A AVALIAR	10-9	8-7	6-5	4-0
Expresión oral	Utiliza un vocabulario axeitado e a exposición é coherente.	O vocabulario é un pouco básico pero a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten problemas para expresar correctamente as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
Volume de voz	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado dende todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que ás veces, cando dubida, baixa o volume.	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.

Expresividade	As súas expresións faciais e linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información.	As súas expresións faciais mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese. Pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar.
Inclusión dos aspectos relevantes	Expón claramente o traballo incluíndo referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a realización deste.

ANEXO II:

RÚBRICA DUNHA ENTREVISTA

ASPECTOS A AVALIAR	10-9	8-7	6-5	4-0
Presentación e despedida	O entrevistador fai unha introdución sobre o tema a tratar e sobre a persoa que vai entrevistar na que recolle toda a información necesaria.	O entrevistador fai ben unha pequena introdución sobre o tema a tratar e sobre a persoa que vai entrevistar e despídese.	O entrevistador fai unha introdución suficiente sobre o tema a tratar e sobre a persoa que vai entrevistar aínda que non inclúe toda a información.	O entrevistador non fai unha introdución sobre o tema a tratar e sobre a persoa que vai entrevistar nin se despide.

	E despídese pechando a entrevista.			
Preguntas realizadas	As preguntas realizadas corresponden moi ben a diferentes aspectos do tema que se está tratando.	As preguntas realizadas corresponden ben a diferentes aspectos do tema que se está tratando.	As preguntas realizadas corresponden suficientemente a diferentes aspectos do tema que se está tratando.	As preguntas realizadas non se corresponden aos diferentes aspectos do tema que se está tratando.
Creatividade	O alumno achega moito máis do aconsellado polo profesor, incluíndo frases e partes do texto pensados de xeito diferente por el ou ela.	O alumno fai achegas ás pautas ofrecidas polo profesor para realizar o texto escrito.	O alumno só fai algunha achega persoal ás indicacións suxeridas polo profesor para facer o texto.	Non hai ningunha achega diferente ás suxeridas polo profesor.
Vocabulario empregado	Vocabulario rico, variado, sen repeticións e con palabras e expresións referidos ao tema principal.	Vocabulario variado e rico, aínda que con poucas palabras do tema a tratar.	Vocabulario algo repetitivo e sen palabras novas aprendidas.	O vocabulario empregado é pobre e repetitivo.
Corrección ortográfica	O texto está escrito sen erros ortográficos significativos. Uso correcto das maiúsculas e signos de puntuación.	Contén algúns erros ortográficos, pero non de maiúsculas ou signos de puntuación.	Ten algún erro de maiúsculas ou signos de puntuación.	Non usa as maiúsculas nin os signos de puntuación.
Extensión	30 liñas ou máis.	Entre 15e 20 liñas.	Entre 15 e 10 liñas.	Menos de 8 liñas.

ANEXO III:

RÚBRICA DUN RESUMO

ASPECTOS A EVALUAR	10-9	8-7	6-5	4-0
Idea Principal e Secundarias	Indica claramente a idea principal e as secundarias	Indica claramente a idea principal e algunhas das secundarias.	Indica claramente a idea principal e poucas das secundarias	Equivócase ao indicar a idea principal e só indica algunha das secundarias.
Estrutura	O texto posee introdución e unha parte expositiva ben redactada. Hai unha transición lóxica entre ambas partes	O texto posee unha introdución e unha parte expositiva ben redactada. A transición entre as partes é abrupta.	O texto posee unha introdución (á que lle falta un elemento) e unha parte expositiva ben redactada	O texto posee unha introdución (á que lle falta un elemento)) e ou unha parte expositiva non moi coherente ou o texto soamente presenta unha das partes.
Corrección ortográfica	O texto está escrito sen erros ortográficos significativos. Uso correcto das maiúsculas e signos de puntuación.	Contén algúns erros ortográficos, pero non de maiúsculas ou signos de puntuación.	Ten algún erro de maiúsculas ou signos de puntuación.	Non usa as maiúsculas nin os signos de puntuación.
Extensión	20 liñas ou máis.	Entre 10 e 15 liñas.	Entre 8 e 10 liñas.	Menos de 8 liñas.

ANEXO IV:

RÚBRICA DUN DEBATE ESCOLAR

ASPECTOS A AVALIAR	10-9	8-7	6-5	4-0
Información	Toda a información presentada no debate foi clara, precisa e minuciosa.	A maior parte da información no debate foi clara, precisa e minuciosa.	A maior parte da información no debate foi presentada en forma clara e precisa, pero non foi sempre minuciosa.	A información ten varios erros; non foi sempre clara.
Dominio do tema	O equipo claramente entendeu o tema a profundidade e presentou a súa información enérxica e convincentement e.	O equipo claramente entendeu o tema a profundidade e presentou a súa información con facilidade.	O equipo parecía entender os puntos principais do tema e presentounos con facilidade.	O equipo demostrou un adecuado entendemento do tema.
Uso de feitos / estatísticas	Cada punto principal estivo ben apoiado con varios feitos relevantes, estatísticas e/ou exemplos.	Cada punto principal estivo adecuadamente apoiado con feitos relevantes, estatísticas e/ou exemplos.	Cada punto principal estivo adecuadamente apoiado con feitos, estatísticas e/ou exemplos, pero a relevancia dalgúns foi dubidosa.	Ningún punto principal foi apoiado.

Rebater	Todos os contra argumentos foron precisos, relevantes e fortes.	A maioría dos contra-argumentos foron precisos, relevantes e fortes.	A maioría dos contra-argumentos foron precisos e relevantes, pero algúns foron débiles	Os contraargumentos non foron precisos e/ou relevantes.
Estilo de Presentación	O equipo consistentemente usou xestos, contacto visual, ton de voz e un nivel de entusiasmo nunha forma que mantivo a atención da audiencia.	O equipo polo xeral usou xestos, contacto visual, ton de voz e un nivel de entusiasmo nunha forma que mantivo a atención da audiencia.	O equipo algunhas veces usou xestos, contacto visual, ton de voz e un nivel de entusiasmo nunha forma que mantivo a atención da audiencia.	Un ou máis dos membros do equipo tiveron un estilo de presentación que non mantivo a atención da audiencia.

ANEXO V:

RÚBRICA DA EXPRESIÓN ESCRITA

Partes do texto	O texto contén todas as partes suxeridas polo profesor: título, comezo, desenvolvemento e finalización.	Ao texto fáltalle algunha parte esixida polo profesor.	Ao texto fáltanlle dúas ou tres partes.	Texto sen elaboración e sen título.
Creatividade	O alumno achega moito máis do	O alumno fai achegas ás	O alumno só fai algunha achega	Non hai ningunha achega

	aconsellado polo profesor, incluíndo frases e partes do texto pensados de xeito diferente por el ou ela.	pautas ofrecidas polo profesor para realizar o texto escrito.	persoal ás indicacións suxeridas polo profesor para facer o texto.	diferente ás suxeridas polo profesor.
Vocabulario empregado	Vocabulario rico, variado, sen repeticións e con palabras e expresións aprendidas na unidade.	Vocabulario variado e rico, aínda que con poucas palabras aprendidas na unidade.	Vocabulario algo repetitivo e sen palabras novas aprendidas.	O vocabulario empregado é pobre e repetitivo.
Corrección ortográfica	O texto está escrito sen erros ortográficos significativos. Uso correcto das maiúsculas e signos de puntuación.	Contén algúns erros ortográficos, pero non de maiúsculas ou signos de puntuación.	Ten algún erro de maiúsculas ou signos de puntuación.	Non usa as maiúsculas nin os signos de puntuación.
Extensión	20 liñas ou máis.	Entre 10 e 15 liñas.	Entre 8 e 10 liñas.	Menos de 8 liñas.

REFERENCIA DA IMAXE DA PORTADA:

Nome: niños la lectura verano kids hermanos niños la lectura verano kids hermanos

Enlace: <https://pixabay.com/es/photos/ni%C3%B1os-la-lectura-verano-kids-3396713/>

Autor: Victoria_Borodnova

Tipo de licencia: Pixabay License Gratis para usos comerciales .No es necesario reconocimiento.

Repositorio: Pixabay